

# EN HONRA DA EUCARISTÍA

A moitos chamou a atención e a moitos nos desgustou a presentación dunha parodia da Última Cea na cerimonia de inauguración dos Xogos Olímpicos en París, retransmitida a todos os países.

Non era posible que nos deixase indiferentes aos que cremos no Señor Xesucristo, a ninguén que crea realmente en Deus, que respecte o sagrado da conciencia do próximo, a dignidade de quen afronta a vida desde o amor á verdade recoñecida coa mente e o corazón.

E neste sentido déronse moitas intervencións en diferentes medios, por parte de cristiáns –en particular, a Conferencia episcopal francesa– e de seguidores doutras relixións ou cosmovisións.

Para nós é grave, ante todo, a banalización radical do Evanxeo, a negación ante o mundo enteiro do seu significado propio por parte de tan grande institución, que implica a Estados e nacións. É unha forma de normalizar o rexeitamento da fe cristiá, contradicindo o máis íntimo e precioso da vida eclesial e denigrando directamente á persoa de Cristo, a realidade do seu amor e a súa entrega ata a morte pola salvación de todos.

Pola nosa banda, sentimos a necesidade de reafirmar a nosa fe e o noso amor ao Señor Xesús; e tamén de expresalo publicamente, para loitar por manter viva a propia conciencia cristiá e defender a súa dignidade no mundo, por evitar acomodarnos a unha mentalidade semellante, que se presenta como obvia e indiscutible ante os nosos ollos e os de moitísima xente.

E queremos tamén seguir propoñendo a mensaxe do Evanxeo na nosa sociedade, a fe en Xesucristo, cos medios de que dispoñemos e confiados na graza de Deus. Non podemos aceptar que deixe de resoar ante os nosos contemporáneos, e para nós mesmos, o anuncio cristián segundo o seu verdadeiro significado; que non chegue a ser coñecido realmente, ocultado por imaxes desorientadoras como a desta cerimonia.

Por iso, hoxe queremos recoñecer de novo publicamente que a Eucaristía, memorial perenne da Última Cea, é fonte e cume da nosa fe, da caridade que habita no corazón e das nosas certezas na vida e ante a morte. Unha vez máis dicimos: *hic hoc mysterium fidei firmiter profiteamur*; que sen participar na comunión que o Señor nos dá na Última Cea non poderíamos ser e vivir como cristiáns.

Pero cremos tamén que ofuscar o acceso á mesa da Eucaristía, á celebración do Amor do Señor, vencedor do pecado e da morte, sería un dano grande para toda a sociedade.

Pois non hai afirmación comparable de amor pola persoa de cada un, de entrega polo ben e a salvación dos demais. Ante Cristo recoñecemos a dignidade e o destino verdadeiro de toda persoa, o amor ao próximo como lei da vida, principio da construción das relacións e da sociedade mesma; tomamos conciencia da nosa liberdade como fillos de Dios, de dereitos que anteceden e non dependen dos poderes deste mundo, da necesidade de amar a verdade e a xustiza.

Banalizar o corazón da nosa fe, a entrega de Cristo na Eucaristía, dana a dinámica máis fonda da nosa conciencia e tamén da nosa vida social.

Por iso, para seguir afirmando a nosa fe, para ben persoal noso e para ben da nosa sociedade, para participar nos modos que nos parecen máis adecuados nos acontecementos que vivimos nestes momentos e coidar así tamén os uns dos outros, propoñemos **facer xuntos este próximo xoves, día 1 de agosto, ás 20h na nosa Catedral e nas parroquias que desexen unirse a iso, un xesto especial de adoración ao Señor**. Nel expresaremos o noso recoñecemento polo Amor inmenso que nos doa, a nosa fe nel como verdadeiro Salvador, camiño, verdade e vida, e a nosa dor polos pecados, por todo o que contradí a súa presenza na nosa vida e na vida social, como sucedeu de maneira tan pública e expresa na inauguración dos Xogos Olímpicos.

Que o mesmo Xesús Sacramentado nos conceda manter viva e firme a fe do corazón, sosteña o noso camiñar libre neste mundo e nos guíe como Bo Pastor á patria verdadeira, onde o amor e a fraternidade serán plenas e sen límites, na casa do Pai.

+Alfonso,  
Bispo de Lugo